

Desexámosvos...

un bo

libro

e

unhas lectoras



Nadal 2010

DENDE A
BIBLIOTECA



2º CICLO PRIMARIA:

PENSANDO
“**NESA**”
CARTA ...

...que tod@s pensades
escribir ...



... a canta xente máxica esté disposta a manter a vosa ilusión , porque nestas datas sempre vos da pola vena epistolar... pois de novo suxerencias para pedichonear:


• **Cos ollos na lúa-A.García Teijeiro- Everest:** Dark e Noa, can e nena, comparten unha fermosa amizade aprendendo un do outro dende o respecto e a tolerancia.



• **Se os gatos levasen botas gobernarían as ras-R.Saiz- OQO :** Cando se pon de moda poñerlle botas aos gatos, ratos e ratas enchen o lugar, e o frautista está xubilado!!!




• **Abrapalabra-A.Cortizas- Galaxia:** As palabras teñen maxia, con elas e estes trucos poderás convertire ...nun coello???



• **Quéroche contar un conto-Xerais:** Cinco historias, cinco autor@s, para deixar claro que as persoas con minusvalías só necesitan oportunidades para demostrar o que valen.

• **Celtic Roots-Casa de tolos:** Compartimos unha cultura atlántica con zonas de Francia, Inglaterra e Irlanda. E podémolo cantar.



• **Florentino, o príncipe Quino-G. Sánchez- Xerais:** No país dos porcos o máis porco de todos era o rei Martiño, feliz coa raíña Morriña, ata que ao ir medrando o seu fillo Quino, déronse conta que tiña unhas maní- as algo raras...



• **Guía ilustrada da Galicia invisible-A. Reigosa- Xerais:** Covas, cidades asolagadas, illas segredas, unha guía para viaxar entrambos mundos, o fantástico e o real. Mira ao teu arredor. Cecais atopas a entrada.



• **Un mundo de abuelos-M.Gómez- Comanegra:** Avós e avoas de todo tipo están dacordo nalgo esencial: non hai nada máis importante que ser avoa ou avó.

• **La pequeña tejedora de historias-A.Lestrade-Proteus:** Miée tece historias coas palabras que cultiva, que medran ata cubrir a aldea. Un manto de verbas e historias que protexerá ao seu pobo cando chegue a guerra.



• **La cadena de oro-B. Kolton- Sins entido:** Poemas hebreos infantís de épocas e estilos diferentes, fíxate, son distintas ás poesías da nosa cultura?



• **Aquí soy sólo la gata-H. Johansen- UnaLuna:** Contado por unha gata que marcha da casa-non por moito tempo- cando a súa familia trae un can. Opina sobre os seus humanos, o que comen, o mal que lle parece que vaian de vacacións.

